



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
<http://aae.medioambiente.xunta.es>



Sr. Alcalde do Concello da Laracha

Praza do concello. Avd. Finisterre. Toras
15145 Laracha (A Coruña)

Asunto: Remisión da decisión sobre a non necesidade de sometemento a Avaliación Ambiental Estratéxica.

Plan: Plan especial para a ampliación de dous equipamentos educativos.

Órgano promotor: Concello da Laracha.

Clave: 2012AAE1435.

Xunto remito copia compulsada da decisión sobre a non necesidade de sometemento a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan especial para a ampliación de dous equipamentos educativos, Concello da Laracha (A Coruña).

Así mesmo achéganse copia das observacións e alegacións recibidas durante o período de exposición pública do Documento de Inicio dos organismos que de seguido se relacionan:

- Augas de Galicia
- Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2012
O Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental



Carlos Calzadilla Bouzón



DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Plan: Plan especial para a ampliación de dous equipamentos educativos

Órgano promotor: Concello da Laracha

Clave: 2012AAE1435



ANTECEDENTES

1. Con data do 22 de agosto de 2012 tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un escrito do Alcalde do Concello de A Laracha no que comunica o inicio da tramitación do *Plan especial para a ampliación de dous equipamentos educativos* (en diante Plan), e achega o documento de inicio a fin de que se determine se debe someterse ou non ao procedemento de Avaliación ambiental estratéxica (no sucesivo AAE).
2. Previamente, o Concello da Laracha, iniciara a tramitación do Plan especial do sistema xeral de equipamento educativo Otero Pedraio, que foi desestimada para desenvolver este novo Plan.
3. Como paso previo a adoptar a decisión sobre o sometemento desta MP ao procedemento de AAE, o documento de inicio foi exposto ao público interesado na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por un prazo de vinte días naturais, que finalizou o 18 de setembro de 2012; consultándose ao mesmo tempo ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
4. O Concello da Laracha conta na actualidade cun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente con data do 30 de xuño de 2003.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico a AAE regulada pola *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*.
2. En base ao disposto no artigo 5.d) da *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación e do medio litoral de Galicia*, o órgano ambiental determinará, en cada caso, se un plan ou programa debe ser obxecto de avaliación ambiental. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006.
3. O artigo 4 da Lei 9/2006, establece que como paso previo a adoptar a decisión mencionada no punto anterior deberase consultar polo menos ás administracións públicas afectadas.
4. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no



4. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Plan

Obxecto: Ampliar os equipamentos educativos CEIP Otero Pedraio e IES Agra de Leborís e mellorar os seus accesos dende a malla urbana que, segundo se sinala, posúen unha sección insuficiente.

Ámbito de actuación: Delimitanse dous ámbitos no núcleo urbano da Laracha: un lindando ao norte co CEIP Otero Pedraio, ao oeste do núcleo, e outro ao sueste do IES Agra de Leborís, situado ao sur do núcleo. O espazo ocupado polos equipamentos está clasificado como solo urbano consolidado, namentres que os terreos delimitados para a súa ampliación están clasificados como *solo urbanizable non delimitado*.

Proposta: Tendo en conta que se tratan de dous ámbitos independentes, que non posúen vinculación algunha, a continuación defínese a proposta para cada un deles:

- CEIP Otero Pedraio: ademais da ampliación do equipamento educativo, en terreos situados ao norte deste, fórmulase a ampliación da sección das súas vías de acceso. Así, propóñense actuacións na estrada que une o núcleo rural das Calzadas co centro urbano e na que conecta coa estrada AC-552, que atravesa A Laracha de leste a oeste. Algunhas das parcelas que se verán afectadas pola ampliación destas vías de comunicación, están clasificadas como núcleo rural.
- IES Agra de Leborís: a ampliación do equipamento propónse na parte sur, incluído o trazado da estrada prevista no PXOM como proposta de ampliación da Travesía de López Astray dende a rúa Pablo Negreira, situada no límite sur. A inclusión da apertura desta vía permite a conexión do centro urbano co asentamento de Leborís, en dirección sur.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

A Laracha atópase ao suroeste do Concello da Coruña limitando ao norte co Concello de Arteixo, ao leste co de Culleredo, ao sur co de Cerceda e ao oeste co de Carballo, tendo unha pequena parte costeira que asoma entre os concellos de Arteixo e Carballo.

Os equipamentos educativos obxecto deste Plan atópanse no bordo do núcleo da Laracha, sobre solo urbano consolidado e lindando con terreos clasificados como solo urbanizable non delimitado, que serán sobre os que se delimiten os ámbitos para a ampliación dos equipamentos.

En canto á topografía dos ámbitos, a documentación aportada sinala que estes posúen un relevo sensiblemente chán, con cotas que seguen a dos equipamentos existentes. E en relación á súa



cobertura sinálase que as especies vexetais que ocupan a súa superficie son na súa maioría mato e árbores illadas.

Os ámbitos sitúanse no bordo do núcleo urbano, nunhas zonas moi antropizadas, polo que a presenza de espazos e elementos naturais é escasa. No entanto, a unha distancia de 150 metros ao sur do IES Agra de Leborís, o Atlas de hábitats españois identifica sobre o curso do río Anllóns o hábitat prioritario 91E0_bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*. Ademais, o Inventario de humedais de Galicia, recolle, a algo máis de 1.500 metros ao noroeste do ámbito do CEIP Otero Pedraio (nunha cota maior) o humidal *Rego de Quenxe* e o da *Gándara* a escasos 300 metros cara o norte.

Respecto a incidencia doutros plans ou programas nesta contorna, o Concello está incluído no ámbito de aplicación das Directrices de ordenación do territorio (DOT) e do Plan de ordenación do litoral. Neste sentido, sinalar que as DOT, no seu modelo territorial de asentamentos, inclúen á Laracha dentro dos núcleos principais do resto de concellos.

En canto aos posibles riscos, todo o Concello da Laracha está clasificado como zona de alto risco de incendio en base á *Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal*. Asemade, segundo o estudo estatístico por parroquias realizado pola Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes en base aos incendios producidos en Galicia entre os anos 2002-2007a zona do CEIP Otero Pedraio está clasificada como de perigo de incendio medio e a do IES Agra de Leborís como baixo.

3. Período de exposición pública e consultas do documento de inicio

Durante o período de consultas recibíuse resposta do Ente Público Augas de Galicia e da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, que emite un informe que se resume a continuación e se envía ao Concello da Laracha coa presente decisión.

Augas de Galicia

O informe de Augas de Galicia sinala que tras analizar documentación dispoñible considérase que non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión de Augas de Galicia, non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.

Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

No informe sinálase que no Concello da Laracha atópase o monte Carboeiro, que terá que ser tido en conta no caso de que as obras o afecten.

4. Efectos ambientais previsibles

O Plan que se formula ten por obxecto dar resposta a unha necesidade social de dar servizo aos dous centros educativos que se queren ampliar; así tendo en conta que se atopan nunha zona do centro urbano no que non existen elementos naturais salientables, pódese sinalar que, de acordo cos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



**ASUNTO: OBSERVACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO DOCUMENTO DE REFERENCIA
DO "PE AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS EDUCATIVOS. CONCELLO DE LARACHA"**

PETICIONARIO: SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Código: 1446/2012

Con data 29 de agosto de 2012, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 9/2006, remitiu a comunicación da apertura do prazo para o envío de comentarios á elaboración do documento de referencia do "PE ampliación de equipamentos educativos", ao proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica.

Analizada a documentación dispoñible considérase que non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión de Augas de Galicia, non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2012

A xefa do servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica



Belén Quinteiro Seoane



José Manuel González García, Xefe da Sección Técnica III do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar de A Coruña

EXPON

Que estando exposto o Documento de Inicio do asunto: "Plan especial de ampliación de dous equipamentos educativos, Concello da Laracha (A Coruña)", co código 1446 /2012



INFORMA

Que de acordo coa información cartográfica obrante neste servizo, faise constar que no citado Concello, atopanse os seguintes montes :

Elenco	Nome do monte	Concello	Titular	Has.Plano	MVMC
C.1004	Carboeiro	Laracha	Estado - Xunta	125,95	NO

polo que considerase oportuno facelo constar, por si as obras proxectadas afectasen a algún dos montes citados.

En A Coruña, a 5 de Setembro do 2012


Asdo.: José Manuel González García


S. X. Avaliación Ambiental	
REXISTRO INTERNO	
17 SET. 2012	
ENTRADAS	S A I D A
Nº 3266	Nº

*XEFA DO SERVZO DE MONTES DE A CORUÑA